

Universo marabilloso

A literatura galega de tinta histórica ten, sen dúbida, un claro referente na obra de Dario Xohán Cabana, lugués que se declara amante da literatura e que ten dado á nosa lingua importantes títulos polos que ten obtido numerosos galardóns e que os lectores teñen aplaudido pola singularidade das súas historias e pola riqueza que zumeغان as súas páxinas.

A novela *O castrón de ouro*, publicada recentemente pola editorial Galaxia, non é allea a estas consideracións e vén unha vez máis corroborar canto de bo se ten dito do autor e da súa obra. Aparecen aquí personaxes míticos, ao lado doutros históricos e que en calquera caso mergullan ao lector nun mundo marabilloso de tempos pasados que se achegan ao presente, nun universo fantástico onde os seus seres xogan cos parámetros do imperecedoiro, do permanente, do transcendental e tamén do cotiá e do mundano. Atopámonos nunha mestura de pareceres, nunha engrenaxe de idas e voltas, nun sistema no que se combinan puntos de encontro e discrepancias e por enriba de todo nunha orde na que impera a ansia de liberdade

Agasallo para o lector



MARÍA NAVARRO



que
manifestan to-
dos os seres sexan estes
reais ou fantásticos.

Tristán é o primeiro personaxe que aparece na historia e o que con dezaioito anos recén cumpridos sae da Casa dos Seus para correr mundo e facerse na vida real experto nos humanos costumes e adentrándose na Carballeira da Esquerda comeza o súa aventureira e intensa viaxe iniciática. Pronto bate con Mestre Lionel, o castrón de ouro dos seus sonhos que o acompañará no percorrido e do que aprenderá interesantes saberes que constituirán un enriquecemento persoal certamente motivador para o resto da súa vida. As pegadas que outros personaxes deixarán na súa vida tamén terán a súa impronta no mozo, mais as do macho cabrío son as de maior profundidade polo que significan no tocante á filosofía de vida.

Ademais do atractivo contido para quen guste deste tipo de temática, é de destacar tamén que o texto posúe dende o punto de vista lingüístico unha riqueza de termos e expresións que supoñen un auténtico agasallo para o lector.

CABANA, Dario Xohán, *O castrón de ouro*, Ed. Galaxia, Vigo, 2007, 119 páxinas.